



Descrición

O seu nome ven da casa e familia da que era propiedade. Recolle a auga da braña da Chan da Vesada e levábaa ata a maquinaria por medio dunha longa presa escavada no terreo. Destaca pola construción moi coidada e presenza do cubo, que é un depósito onde se acumula a auga en épocas de seca. Abastécese por medio dunha canle (a levada da auga) sostida por piares de cachotería. Un muíño é un artificio para moer; o máis habitual son os cereais, especialmente o trigo e o millo, para obter fariña. Xeralmente tiña unha pedra circular fixa sobre a que se move outra de forma troncocónica que ao xirar segue a forma da anterior. Tamén pode ter forma de disco ou moa.

Os muíños de auga ou aceas construíanse na beira dos ríos, realizando unha presa para embalsar auga e conseguir unha diferenza de altura. A auga do encoro corría por un canal ou cano e movía unha roda con penas (pás) chamada rodicio, que á súa vez movía as pedras ou moas do muíño. Ao conxunto formado polo encoro e o cano de alimentación do muíño chámasele popularmente caneiro.

Tipos de muíños de auga pola súa propiedade e uso:

- De maquiá ou maqueiros: o muíneiro recibe da persoa que leva o gran unha parte (maquiá) da fariña resultante, como cobro do seu traballo.
- De herdeiros ou parceiros: a propiedade do muíño é compartida e transmítese por herdanza. As quendas de uso regulábanse por un tempo determinado.

Adscrición cultural

Moderno-Contemporáneo

Tipoloxía

Muíño

LOCALIZACIÓN

Parroquia

Carballedo

Lugar

Chan do Muíño

Coordenadas UTMT29 ETRS89

X: 541238 Y: 4703068

Coordenadas WGS84

Lonxitude: -8.499824 O

Latitude: 42.476936 N

